



INFORMACIÓN A PAIS, NAIS; TITORES/AS DO ALUMNADO QUE TEN PENDENTE A MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º ESO

Os criterios de avaliación e cualificación, recollidos na programación do departamento de Bioloxía e Xeoloxía son:

A nota de 1ª e 2ª avaliación:

- **50% da cualificación:** Realización do boletín de actividades de reforzo e recuperación.
 - O 1º boletín deberá ser entregado antes do 22 de outubro.
 - O 2º boletín deberá ser entregado antes do 14 de xaneiro.
 - Os boletíns serán devoltos corrixidos pola profesora unha semana antes da proba escrita.
- **50% da cualificación:** 1 Proba escrita
 - O contido do 1º exame corresponderá co 1º boletín e realizarase o 15 de novembro a 4ª hora.
 - O contido do 2º exame corresponderá co 2º boletín e realizarase o 14 de febreiro a 4ª hora.
 - As preguntas de cada exame serán, no fundamental, sacadas das actividades dos citados boletíns.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A nota da 3ª avaliación e da avaliación final:

A nota da 3ª avaliación e da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas da 1ª e 2ª avaliación.
A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Cando un estudante teña algunha avaliación suspensa, terá a oportunidade de facer unha proba final baseada contidos mínimos das avaliacións suspensas correspondentes.

- A data da proba escrita final será o 9 de maio a 4ª hora.
- A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Indicacións para a realización das actividades dos boletíns:

- O alumnado deberá entregar os 2 boletíns resoltos en prazo para a súa valoración, indicando de forma clara, os seus apelidos e nome e curso actual.
- Para a cualificación do boletín terase en conta a organización, presentación, coherencia e corrección na realización das actividades.
- Se se detecta algunha actividade copiada de outro/a compañeiro/a esta actividade non será tida en conta para a cualificación.

* Para realizar as actividades propostas, o alumnado conta cun **curso de edixgal da materia pendente** con apuntes.

** **As datas establécense na 1ª reunión ao inicio do curso**, pero están suxeitas a cambio se coinciden con outras probas do alumnado ou outras actividades de centro.

*** Non temos posibilidade de comunicarnos por abalar coas familias do alumnado con materias pendentes, polo que en caso de querer recibir información as familias deben solicitar cita a través do profesorado tutor ou do teléfono do centro (886159801)

Soutomaior, 16 de setembro de 2024

Asdo. Lucía López Senín

Profesora responsable das materias pendentes do departamento de Bioloxía e Xeoloxía